

PROBA DE ACCESO A CICLO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso aos ciclos formativos poderá consultarse dentro da pestana “Probas” do menú da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

REQUISITOS:

- Ter 19 anos ou cumprilos no 2019.
- Non cumprir os requisitos académicos esixidos para acceder aos ciclos superiores.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes é do **28 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2019**.

DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA:

A proba realizarase o 10 de abril de 2019, no seguinte horario:

- Presentación: ás 9:00 horas.
- Parte común da proba:
 - Das 10:00 ás 13:30 horas (Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá).
- Parte específica da proba:
 - Das 16:00 horas ás 18:30 horas (materias específicas da opción escollida).

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA:

A proba de acceso a grao superior organízase consonte o seguinte:

Parte común	Abrangue tres probas: <ul style="list-style-type: none">- Lingua galega- Lingua castelá- Matemáticas
Parte específica	Organízase en tres opcións (A, B e C): <ul style="list-style-type: none">- <u>Opción A</u>: Economía da empresa, Lingua estranxeira (inglés ou francés) e Filosofía- <u>Opción B</u>: Debuxo Técnico, Tecnoloxía industrial e Física- <u>Opción C</u>: Ciencias da terra e ambientais, Química e Bioloxía

Respecto á parte específica da proba, na solicitude elixírase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escolleranse dúas materias. Cada opción dá acceso a uns determinados ciclos superiores.

***Para máis información e/ou dúbidas podes consultalas no Departamento de Orientación.**